


## Iniciativas singulares



Participación na *Mostra do posible* en Cangas (2017).

Ao longo destas catro décadas leváronse a cabo distintas iniciativas singulares.

- Así, na distancia, poderíamos sinalar a homenaxe que en Nadal de 1985 lle tributamos ao profesor Gonzalo Anaya en Compostela, a quen a título póstumo a Universidade de Santiago lle concedeu a insignia de ouro o 25 de novembro de 2008, como foi igualmente o caso do profesor e asociado de honra Avelino Pousa Antelo.
- A recuperación por parte de Antón Costa en 1996 da Biblioteca particular do inspector-xefe da provincia da Coruña no tempo da IIª República, D. Manuel Díaz Rozas, quen foi o Director da Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos (SEG), en colaboración co Instituto Galego de Información promovido por Sargadelos. A biblioteca, hoxe instalada na Biblioteca de Galicia (Gaiás), interesantísima desde o punto de vista psico-pedagóxico, é o mellor patrimonio bibliográfico histórico-pedagóxico existente en Galicia correspondendo co primeiro terzo do século XX.
- Integración de Nova Escola Galega na Plataforma *Nunca Máis*, con ocasión do desastre ecolóxico do *Prestige* e apoio ás diversas iniciativas da Plataforma, incluíndo a cadea humana celebrada na Costa da Morte o 22 de xaneiro de 2003 e a celebración nos centros de educación da Sema-na Negra.
- Campaña de apoio á candidatura do profesor Xesús Rodríguez Jares como Premio UNESCO de Educación para a Paz 2005.

- Apoio ás iniciativas de Ponte nas ondas a prol do recoñecemento pola UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués.

- O ano 2006 foi declarado como Ano da Memoria. Desde Nova Escola Galega participamos activamente na recuperación da memoria de quen foran docentes represaliados en distinto grao e mesmo ata a morte polo seu comportamento responsable, profesional e democrático. Fixémolo ademais achegando considerables datos de investigación.

Na honra deles, o 18 de febreiro de 2006 aprobamos a declaración lida no Museo Pedagóxico de Galicia e que aquí se reproduce, parcialmente:

*Eles eran, sen dúbida, os que ían por diante dos nosos compromisos de hoxe, os que levaban as bandeiras da utopía —na fronte unha estrela e no bico un cantar— e por iso debemos ter unha acordanza nobre, respectuosa e de recoñecemento cara a eles. Naqueles finais dos anos trinta, case un centenar de ensinantes foron asasinados de modo vil. É do caso que deles fagamos algunha memoria: un a un, unha a unha, e polos seus nomes. Nova Escola Galega, así o quere facer hoxe en Compostela e aquí no Museo Pedagóxico de Galicia, que aínda ten recendos daquelas súas vidas.*